

O lapis que debuxaba o futuro

Mateo era un neno de 12 anos e era moi curioso, é deses nenos que sempre encontra cousas que ninguén máis ve. Un luns pola mañá mentres buscaba o estoxo na mochila, tocou ao fondo de todo da mochila algo que non recordaba ter metido alí dentro: un lapis de madeira escura, con debuxos dourados que parecían pequenos raios arredor.

Mateo tomouno intrigado. O lapis estaba temperado como se o tivera na man había uns minutos.

- Que raro...- murmurou.

Ese día na clase non o usou, pero ao chegar á casa a súa tentación gañoulle e colleu un caderno, e sen pensar que debuxar, debuxou un barquiño de papel flotando nun charco. Debuxouno xenial, mellor do que el sabía debuxar, case ata parecía real.

Non pensou máis niso ata o día seguinte.

Tras un choiva suave, Mateo camiñaba de camiño á clase cando viu un pequeno charco ao lado da estrada e alí flotando estaba o barquiño de papel que había debuxara a pasada tarde.

- Non pode ser verdade...- dixo alucinado co que acaba de suceder.

Para probalo outra vez para ver se era verdade esa tarde debuxou un enorme xeadó de tres pisos, con chocolate derramándose polos bordes. Ao cabo dunhas dúas horas viu a súa nai sorrindo.

- Mira o que che trouxen!- dixo a súa nai levantando un xeadó coma o que debuxou.

Entón Mateo entendeu que ese lapis non era un calquera senón que era “o lapis que debuxaba o futuro”.

Durante varios días debuxaba cousas pequenas como unha flor vermella no xardín, unha moeda brillante tirada na estrada ou un arco da vella detrás da súa ventá. E todo aparecía unhas horas despois.

Mateo sentíase poderoso... ata que, un venres pola tarde cometeu un erro. Mentres debuxaba sen pensar, debuxou un can escapando pola porta. Ao terminar o debuxo o seu corazón conxelouse.

- Non, non quería debuxar isto!

Correu ata fóra, e xusto entón viu o can da súa veciña escapando pola porta mentres ela lle gritaba desesperada. O seu debuxo estabase facendo realidade.

Mateo buscou o seu caderno, arrancou a folla e borrou con toda forza o debuxo. A goma deixou un oco branco, e como se fose maxia, o can parou e volveu á casa como se non pasara nada.

Mateo nunca tivera tanto medo. Entendeu que ese lapis non só podía crear cousas boas, senón que tamén podía causar problemas sen querer.

Esa noite gardou o lapis nunha caixa debaixo da súa cama.

- Só o usarei cando estea seguro do que debuxo- decidiu.

Ás veces, cando non pode durmir, saca o lapis da caixa e observa o lapis. Sabe que dentro hai un enorme poder, pero tamén aprendeu algo máis importante: o futuro é fráxil e cada trazo que fagas pode cambialo.

Adriana Vidal González